

Os versos da espiña

María Xesús Nogueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2011 [2009]). “Os versos da espiña”. *A Nosa Terra*: 1348 (26 de febreiro), 34. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/726>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

XESÚS NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2009). “Os versos da espiña”. *A Nosa Terra*: 1348 (26 de febreiro), 34.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

crítica

CONTADELIBROS.

Xeración dos setenta e pico

Xerais publica dous novos títulos da súa colección de poesía, cuxos autores naceron no 1975 e 1976. *Amor amén*, de Iolanda Zúñiga, componse de



dous longos poemas nos que a autora revive os seus soños e mundo cotián. *Non son de aquí*, de María do Cebreiro, é

unha mestura de poemario do propio e reflexión sobre o mundo actual a través da ollada subxectiva da autora.

Tres obras de Momán

Alberto Momán presenta tres novos libros. *Baile Áitha Cliath* obtivo o Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas 2007, que conceden Caldeirón e o



Concello de Malpica. *Ferrole o que queda por chover e Erótica* apareceron publicados por Lulu. *Erótica*

recibiu o Premio Francisco Añón 2004 e permanecía inédito desde entón.

Superando dificultades

Pel de muller, de Asun Estévez, supón a primeira publicación poética da escritora, nacida en Bueu no 1966. Aqueixada dun cancro, canalizou as



sensacións e mudanzas que viviu durante a súa enfermidade para compoñer un universo poético propio que lle servise de alivio, catarse e testemuña deses momentos alén de manifesto vital no que destaca a enerxía do corpo, do palpábel. Edita Ir Indo. ●

O Festival Mozart homenaxea a Graham Vick. O festival coruñés, organizado por Caixa Galicia e que se celebrará do 21 de maio ao 28 de xuño, renderá homenaxe ao director de escena británico con tres das súas producións máis destacados. Unha delas é *Mitridate Re di Ponto*, composta por Wolfgang Amadeus Mozart en 1770, nunha viaxe por Italia, outra o singspiel *Zaide* e, a última, *Werther*, de Jules Massenet, na montaxe de 2004 do Teatro Nacional de São Carlos de Lisboa. Dentro do programa haberá ademais concertos, recitais, proxeccións e unha mesa redonda. ●



ALFREDO ROCHA

Gramsci –coherente cos seus postulados– non se limita a avaliar resultados artísticos, senón que se permite incursións na crítica do sistema de produción, entrando en polémica cos propietarios dos teatros de Turín e denunciando prácticas monopolísticas que rebaixan “o nivel estético” da vida teatral da cidade –“se mañá se comprobase que é máis eficaz destinar os teatros á venda de abelás americanas e refrescos xeados, a industria teatral non dubidaría un instante en se facer revendedora de abelás e xeados, mantendo, non obstante, na firma o adxectivo *teatral*”.

A relación entre teatro e cine, o estudo do teatro popular, o futurismo... moitos son os temas tratados nestes artigos. Moitos os autores e obras comentados, con máis ou menos acertos. E moitos os encantos do retrato da época que se albisca nestas crónicas. Un libro, polo tanto, no que o verdadeiro amante do teatro atopará múltiples motivos de deleite. ●

Manuel Xestoso


POESÍA.

Os versos da espiña

Dentro

Autora: Berta Davila.
Edita: Fervenza, 2008.

Ao abeiro do Premio de Poesía Avelina Valladares, na súa XII edición, aparece o segundo libro galego de Berta Davila (*Santiago*, 1987), unha autora emerxente que irrompeu non hai moito nas nosas letras con *Corpo baleiro* (2007). O vigor co que esta



escritora ampliou ao galego o ámbito da súa creación, que até o momento tivera como lingua principal o castelán, quedou tamén plasmado na novela *Bailarei sobre a túa tumba*, merecedora do premio Biblos.

Nesta segunda entrega poética, Berta Davila volve sobre algúns elementos que xa estaban presentes no seu primeiro libro, como a poética do corpo, a temática amorosa ou a reflexión sobre o propio exercicio da escritura. A autora diminúe nesta nova obra o volume de citas alleas, moi numerosas no libro anterior, e profunda na experiencia amorosa centrándose no motivo da perda da persoa amada, evocada xa nos versos limiares: “É certo que este libro é para ti / e que fala de ti, / e que todo el esti...”.

Dentro é un libro intimista estruturado en tres secuencias que, coa súa particular música de ambiente acorde coas estacións e o estado de ánimo, desenvolven unha escritura sobre as distintas fases da perda do amor. Na primeira das seccións, dedicada ao amor en canto experiencia de plenitude, percíbese unha tensión entre un intento de elaborar unha

imaxinaría innovadora (“cómpre aclarar que me deixaches dentro / ese teu festival de revival neoplatónico”), que por veces bebe das augas da desidealización (“sinto estar hoxe pouco novelesca / pero hai momentos dedicados só ó profiláctico”). En ocasións atopamos mesmo algunha exploración de cuño manuelantoniano (tan cursi polo xardín):

”
Unha poesía
construída
con algunhas
palabras
talvez
demasiado
escritas,
mais tamén
con retallos
da vida cotiá”

“hoxe amareite, polo menos, todo o ridículo e pusilánime que podes chegar a ser”. O pouso dalgunhas voces, nomeadamente femininas, evidente en *Corpo baleiro*, é moito menor neste libro, no que o discurso da autora acada un ton máis persoal e o coidado da lingua é maior.

A partir da segunda sección, o libro céntrase no motivo da perda e acada un ton elixiaco que vén determinado polo suicidio, tema que xa estaba presente, aínda que non era desenvolvido, no poemario anterior. A evocación e a perda ocupan, polo tanto, as dúas partes últimas do libro, onde se combinan algunhas referencias de raíz clásica (*Tristán e Isolda*) con outras procedentes da experiencia cotiá (“dormir abrazada ao teu cepillo de dentes”). Esta última ac-

titude garda relación cunha imaxinaría da modernidade desenvolvida xa en *Corpo baleiro*, na que é posíbel apreciar marcas xeracionais: o peixe Wanda, as galletas Príncipe ou o cabaliño branco do centro comercial. Tales referencias confiren ao libro un ton por veces xuvenil (“a vida xogou a súa última carta / na cafetería da facultade”) que se reflicte tamén na vontade por rachar con algúns prototipos, tan do gusto dalgunhas poetas das últimas promocións: “non preciso de príncipes, / que son unha muller con porteiro automático, / con libros absorbentes como papel de cociña / do anuncio ese que odio”.

Os poemas de *Dentro* son un exercicio de catarse que lle permite á voz poética revivir imaxes e describir escenarios emocionais delimitados polas feridas do amor: unha “poesía da espiña” construída con algunhas palabras talvez demasiado escritas, mais tamén con frescos retallos roubados á vida cotiá. ●

María Xesús Nogueira

TEATRO.

Sentimentalismo e artificio

Unha primavera para Aldara de Teresa Moure

Compañía: Teatro do Atlántico.

Dirección: Xulio Lago.

Elenco: Amparo Mallo, Lucía Regueiro, María Bouzas, María Barcala, Pilar Pereira, Marcos Correa, Belén Constenla, Josi Lago, Agustín Veiga, Xoán Carlos Mejuto.

Estamos nun convento medieval, en pleno levantamento irmandiño. Un cabaleiro da Irmandade chega ferido dunha batalla e pide asilo para repousar e sandar das súas mágoas. Logo de as monxas discutir sobre

Berta Davila.

